

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola municipal de teatro.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

Aprobación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08

Artigo 1. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo da escola municipal de teatro

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servizos ou actividades:

- A. Teatro para pequenos-as
- B. Teatro para nenos-as
- C. Teatro para mozos-as
- D. Interpretación I
- E. Interpretación II
- F. Caracterización
- G. Actividades circenses
- H. Historia do teatro e das artes
- I. Dramaturxia
- K. Técnicas artísticas aplicadas á escena

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades prestadas, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4. RESPONSABLES.

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola municipal de teatro.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE MATRÍCULA (EUROS)	IMPORTE RESTO CURSO (EUROS)	IMPORTE TOTAL (EUROS)
Teatro para pequenos-as	10 €	135 €	145 €
Teatro para nenos-as	10 €	135 €	145 €
Teatro para mozos-as	10 €	135 €	145 €
Interpretación I	10 €	162 €	172 €
Interpretación II	10 €	162 €	172 €
Caracterización	10 €	108 €	118 €
Actividades circenses	10 €	108 €	118 €
Historia do teatro e das artes	10 €	90 €	100 €
Dramaturxia	10 €	90 €	100 €
Técnicas artísticas aplicadas á escena	10 €	135 €	145 €

Artigo 6. BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7. OBRIGA DE PAGAMENTO

A taxa se devenga e nace a obriga de contribuir desde que se inicia a prestación dos servizos regulados na presente ordenanza, entendéndose como tal a apertura do período de matriculación.

A matrícula aboaranse dunha soa vez ao realizar a solicitude de inscrición, segundo o modelo divulgado pola concellería de mocidade, en cada unha das asignaturas da escola. O resto do importe do curso se pagará mensualmente dentro dos primeiros quince días de cada mes. A estes efectos, procederase ao ingreso destas cantidades nunha conta bancaria que designará a Tesourería Municipal.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola municipal de teatro.

Artigo 8. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

O importe da matrícula poderá ser devolto no suposto de non ser admitida a solicitude da inscrición. Procederá a devolución do resto do importe da taxa sempre que se dean causas non imputables ao suxeito pasivo.

Artigo 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada suposto, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes la Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación

En O Porriño, a 15 de setembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo. Raúl Francés Rodríguez